
Belén López Meirama / María Álvarez de la Granja, *Léxico dispoñible en galego*, Anexo 71 de Verba, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, 2014, 199 páxinas.

Léxico dispoñible do galego, de Belén López Meirama e María Álvarez de la Granja, conforma a monografía 71 dos Anexos da revista *Verba* que viu a luz no pasado ano, en 2014. Esta monografía, tal e como se advirte nos “Agradecementos”, é o resultado dun proxecto de investigación financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia entre 2008 e 2011, que constitúe a segunda parte doutro proxecto maior en que se enmarca, como é o do *Léxico dispoñible en el español de Galicia*. Así pois, estamos ante unha continuación dun traballo sólido sobre a dispoñibilidade do léxico galego, en que agora o epicentro da investigación é puramente a lingua galega.

Alén da presentación da investigación, este proxecto ten unha vertente práctica de aplicabilidade máis universal que o propio texto científico en que se expoñen os datos, xa que o resultado final deste estudo consiste na elaboración dun dicionario en que se recompilen as listaxes do léxico dispoñíbel en galego. Este dicionario, denominado *Dispogal*, preséntase en versión dixital, erixíndose como unha valiosa ferramenta nos estudos lexicográficos galegos. Alén disto, a través da versión electrónica do libro (tamén editado en formato papel), pode accederse a unha grande riqueza de materiais en “.pdf”, que nos explican a xénese da elaboración deste catálogo de voces, e que resulta de grande utilidade para realizar futuros traballos lingüísticos.

A nos centramos xa nas diversas partes que conforman o volume que estamos a recensionar, observamos que este se estrutura á volta de tres capítulos principais, precedidos por unha introdución e aos cales seguen a presentación dos anexos e das referencias bibliográficas.

En primeiro lugar, na “Introdución” (páxs. 7- 9) as autoras realizan unha breve aproximación teórica ao marco epistemolóxico en que fundamentan este traballo, como é o da dispoñibilidade léxica. Tal e como nos indican, estes estudos apareceron en Francia nos anos 50 do século xx coa finalidade de facilitar a adquisición do francés aos habitantes da Unión Francesa.

As análises estatísticas anteriores baseábanse unicamente no criterio da frecuencia,

segundo a maior ou menor ocorrencia nos textos, de modo que se “deixaba fóra un bo número de palabras de uso común, pero que non aparecían nas listaxes de vocabulario frecuente” (páx. 7). Por este motivo, viuse necesario incrementar unha nova variábel, cal a da dispersión, “que supuña a división do universo léxico nunha serie de ámbitos temáticos” (páx. 7), para determinar finalmente o caudal léxico que se utiliza nunha determinada situación comunicativa.

Esta epígrafe introdutoria sobre os antecedentes parécenos algo breve, xa que o lector fica ávido de máis información ao respecto, aínda que consideramos que a información contida é clara e pertinente, nomeadamente para aclarar o concepto de “dispoñibilidade léxica”, cuxo significado pode confundir a moitos lectores non instruídos na materia.

O segundo apartado, “Aspectos metodolóxicos” (páxs. 11-132), é un dos de maior extensión do volume, pois nel as profesoras da USC describen a metodoloxía utilizada e os pasos seguidos para levar a cabo o seu traballo, que obviamente é común ao proxecto anterior, cunhas pequenas adaptacións á realidade galega. Así, nos dominios léxicos (ou “centros de interese”) engádense as cores e o mar; canto aos núcleos de poboación, distínguese entre catro grupos (poboación urbana, poboación periurbana, vila e poboación rural); noutra orde de cousas, inclúese a variábel “lingua inicial”, realízase case a mesma lematización, o tempo de reacción é de dous minutos e o alumnado é de segundo de bacharelato.

Para obter todos estes datos, elaborouse unha enquisa a 800 estudantes de 2.º de Bacharelato de 50 centros de ensino públicos e privados galegos no curso 2008/2009, en colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Literatura. Neste cuestionario reúnese, por un lado, a información lingüística, a través de listas de palabras, e, por outro, a información sociocultural ou de estratificación social.

Canto á información lingüística, os índices de dispoñibilidade serven para ordenar as unidades léxicas conforme a súa posíbel aparición nuns contextos determinados (“centros de interese”), de xeito que “o léxico dispoñible xerarquízase atendendo non só á frecuencia de aparición dos ítems léxicos, senón tamén á orde de mención, polo que resulta imprescindible recoller as palabras ordenadamente, tal e como se van activando no lexicón mental” (páx. 13).

Así pois, o léxico dispoñíbel que se vai manexar na enquisa é aquel que “está preparado na memoria para ser empregado no momento no que se fala sobre determinado asunto, o cal funciona como un estímulo para a produción de palabras, de maneira que o xeito máis adecuado de recollelo é a través dunha enquisa” (páx. 12). Estes centros de interese arredor dos cales os informantes produce listaxes

de unidades léxicas dispoñíbeis son dezaoito: ‘O corpo humano’, ‘A roupa’, ‘As partes da casa (sen mobles)’, ‘Os mobles da casa’, ‘Os alimentos e as bebidas’, ‘Os obxectos colocados na mesa para a comida’, ‘A cociña e os seus utensilios’, ‘A escola: mobles e materiais’, ‘A calefacción e a iluminación’, ‘A cidade’, ‘O campo’, ‘Os medios de transporte’, ‘Os traballos do campo e do xardín’, ‘Os animais’, ‘Os xogos e as distraccións’, ‘As profesións e os oficios’, ‘As cores’ e ‘O mar’.

Por outra parte, a enquisa tamén permite extraer datos de tipo sociocultural do alumnado, como a lingua inicial, a lingua habitual, o sexo, a titularidade do centro (público e privado), a localización do centro etc. Como podemos comprobar, tentouse asegurar a representatividade harmónica da mostra canto ás distintas variábeis, como son a paridade, a distribución equilibrada por provincias (tendo en conta a poboación de cada unha delas) e pola titularidade do ensino, e a lingua inicial e a lingua habitual conforme a enquisa do IGE de 2008. A partir de todas estas variábeis de estratificación social as autoras ofrécennos tanxencialmente un estudo moi interesante sobre a situación sociolingüística da lingua galega, posterior ao inquérito de 2008 do IGE e anterior ao último de 2013. Neste sentido,

un retrato do estudante prototípico de segundo de bacharelato que fala galego podería ser o do rapaz ou rapaza cuxos pais teñen un nivel formativo baixo, que vive no interior de Galicia, en particular nas provincias de Lugo e Ourense, que habita e estuda, nun centro de ensino público, no rural (páx. 31).

No que respecta aos criterios de edición dos materiais, actuouse conforme a dous principios retores: o principio unificador e estandarizador, que permitiu a agrupación de variantes, e o principio de respecto e fidelidade ás respostas ofrecidas polas persoas informantes. Do noso punto de vista, consideramos que a actuación das autoras é correcta, xa que non se trata dun estudo lingüístico (coa finalidade de vermos os desvíos dialectais ou as interferencias do español, aínda con toda certeza os datos han de ser moi interesantes) e porque en todos os traballos científicos, e máis concretamente nos traballos con informantes, cómpre ser moi escrupulosos coa realidade lingüística.

Neste sentido, mantivéronse practicamente todas as respostas, salvo algunhas formas das listaxes que fornece cada falante, ora por repetición do vocábulo ora por non existir vínculo asociativo co “centro de interese” ora por transgredir o obxectivo da tarefa, con que concordamos plenamente, como por exemplo a eliminación do termo “amarelo” para o dominio léxico ‘Os xogos e as distraccións’.

Outro aspecto que as investigadoras tiveron que tratar foi o da lematización, é dicir, a representación dunha palabra lema que unifique as variantes ortográficas (erros lingüísticos, abreviacións, separacións/fusións gráficas, maiúsculas), fónicas,

morfolóxico-flexivas (xénero, número, sufixos, verbos, determinantes e cuantificadores, preposicións,). Así, o principio xeral para o establecemento do lema foi o de escoller a forma estándar, coa conservación das diversas variantes que se poden consultar no apéndice, para alén de criterios de frecuencia por centro de interese.

Un tipo especial de variantes é o das variantes fónicas e morfolóxicas galegas (*abilleiro/abelleiro*), en que se escolle a forma normativa; formas do castelán (adaptadas ou non) cognadas de voces galegas (*naranxo>laranxeira*), que son lematizadas segundo a forma normativa galega; e formas do castelán (adaptadas ou non) sen cognado galego (*cerdo>cerdo*), cuxa lematización é a solución castelá. Estas dúas últimas variantes son as que presenta maior complicación á hora de lematizar, como sinalan as autoras, mais achamos que o criterio seguido para cada caso é o máis adecuado. A este respecto, o estudo revélanos datos interesantes sobre a dispoñibilidade léxica de certas palabras galegas hoxe en clarísimo retroceso na fala da xente nova, como as voces *silla* ou *cerdo*, pois non se documentan as formas galegas (*cadeira* e *porco*, respectivamente) nos 800 informantes.

Após estes criterios xerais, detállanse os criterios específicos dos dezaioito centros de interese. As voces que se inclúen en cada repertorio lexical non só comprenden substantivos e adxectivos, senón tamén abreviaturas, accións verbais e mesmo marcas (de comercios de roupa e de alimentación, de videoxogos etc.) ou cancións populares (*Apaga o candil*).

Para finalizar este apartado, tamén se menciona o tratamento informático dos datos, tanto do proxecto panhispánico (*Dispolex*) como do galego (*Dispogal*). Neste sentido, salientase que, a pesar de teren a mesma estrutura, *Dispogal* resulta máis versátil e rápido nas buscas, para alén de ofrecer máis posibilidades de extracción da información, e pode accederse a el a través do enlace <http://www.gramatica.usc.es/dispogal/>, constituíndo unha ferramenta moi interesante para o estudo do léxico galego.

No apartado 3, “Análise de resultados” (páxs. 133-175), preséntanse brevemente os datos globais do léxico galego dispoñíbel, no que atinxe ao reconto de palabras por centro de interese, ao índice de cohesión, á compatibilidade entre os distintos lemas producidos por distintos estratos poboacionais etc.

Pola súa parte, os datos manexados indican que hai centros de interese moi produtivos, tanto en palabras como en formas léxicas, como é o caso dos alimentos, da escola e da cidade, en canto outros son menos produtivos, como o todo o que ten que ver coa casa (partes, mobles e utensilios). Así mesmo, hai centros de interese máis cohesionados tematicamente como o do corpo humano, o dos mobles ou o das

cores, fronte a uns campos léxicos menos cohesionados como é o da iluminación, o dos traballos do campo e o dos xogos. Alén disto, tamén destacan as autoras o feito de que os datos cuantitativos da mostra difiren cos do proxecto castelán, probablemente pola presenza máis acusada desta lingua nos centros de ensino, coas consecuentes secundarización do galego e diferenciación do seu dominio.

Á vista dos datos, conclúese que a variabilidade léxica nas palabras con índices altos de dispoñibilidade depende en maior medida da área de que se tratar que da variábel de estratificación social. Aínda que nesta última, a idade é o nivel educativo dos nosos informantes son factores máis homoxéneos que o sexo, o tipo de ensino ou o nivel sociocultural.

O cuarto apartado, “O Dicionario de léxico dispoñible: *DISPOGAL*” (páxs. 187-192), dedícase a explicar a ferramenta informática en que se conteñen as listaxes de dispoñibilidade léxica e que constitúen o *Dispogal*. Nesta epígrafe ofrécense diversas capturas de pantalla que actúan como guía ou manual de uso do Dicionario, que sen dúbida son dunha grande utilidade á hora de enfrontarse a esta aplicación.

Conclúe a monografía cunha “Presentación dos apéndices” (páxs. 193-196), aos cales se pode acceder en formato “.pdf” en internet (páx. 201), feito que nos permite acceder a moita información previa ao resultado do *Dispogal*, así como as correspondentes e completas “Referencias bibliográficas” (páxs. 197-199).

Estamos, pois, ante un traballo moi interesante en que se tende a ponte desde a universidade ao ensino secundario coa participación do estudantado de 2.º de Bacharelato do curso académico 2008/2009 e coa colaboración dos departamentos de Lingua Galega e Literatura. Así mesmo, cremos que era necesario un estudo sobre a dispoñibilidade léxica non baseado unicamente en criterios de frecuencia, segundo a maior ou menor ocorrencia nos textos, senón un estudo en que se contemplan centros de interese ou dominios léxicos e diversas variábeis de estratificación social, de modo que parabenizamos ás autoras, Belén López Meirama e María Álvarez de la Granja por nos ofrecerem un traballo rigoroso, necesario e de gran calidade.

Con todo, do noso punto de vista, xulgamos que hai un exceso de continuas referencias ao proxecto español, con expresións do tipo “este traballo segue moi de preto a metodoloxía empregada”, dado que nesta ocasión se centran unicamente no caso galego, aínda que é evidentemente que se trata da segunda parte do proxecto. Cremos, pois, que tantas mencións ou dependencias ao proxecto anterior estaría ben nunha descrición ou xustificación do proxecto, mais non tanto nun manual que quere dar a coñecer a dispoñibilidade léxica do galego.

Xa para concluír, subscribimos as palabras que as autoras escriben na fin da introdución: “o léxico dispoñible do galego é de especial importancia porque nos permite facer unha avaliación do dominio do léxico galego por parte dos nosos estudantes, máxime tendo en conta que carecemos de traballos específicos centrados nesta mesma liña de investigación” (páx. 7).

Xoán López Viñas

Referencias bibliográficas

López Meirama, B. (2008): *Léxico disponible en el español de Galicia* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).